

Concurso de ideas para mellora-la cidade de Compostela coa chegada do ave

Lema: Encrucillada

Autores:

Alfonso Fernández Cao

Teléfono: 651312305

Correo: afcao@coag.es

Coautores:

Yolanda Cabaleiro Barroso

Sandra González Rial

Rubén Fernández Lombardero

Patricia Gladys Varela Weber


Ramón Viéitez Rodríguez

Adolfo Viéitez Vázquez


Concurso de ideas para mellora-la cidade de Compostela coa chegada do ave

Encrucillada


Rúa do Hórreo



Estación intermodal





Ampliación de Brañas do Sar



Vial

Brañas
do Sar



Análise da situación actual

Existe unha fractura entre a área do ensanche e da cidade histórica e a área ocupada por Brañas do Sar e polos novos desenvolvimentos ó sur da cidade motivada fundamentalmente por:

- a existencia dunha forte diferenza de cota entre a rúa do Hórreo e Brañas do Sar que chega ata os 20 metros, situándose nunha cota intermedia as vías do ferrocarril;
- a presenza das vías férreas que actúan como barreira física;
- e tamén polo eixo rúa do Hórreo-Av de Lugo cun tráfico rodado e unha largura importantes.

Obxectivos

Dado que se están comezando as obras para soterrar en parte o vial rúa do Hórreo-Av de Lugo en base a un proxecto do Ministerio de Fomento, debe aproveitarse para reducir o largo destinado en superficie a tráfico rodado para destinalo ós peóns, rexando un paseo con vistas a Brañas do Sar, con vexetación e con asolleamento idóneo por ter orientación sur.

A estación intermodal debe dar solución, ademais do enlace entre os diferentes modos de transporte que concorran nela (tren de alta velocidade, tren rexional, autobuses, taxis, vehículos privados e peóns) á conexión entre a área do ensanche e da cidade histórica e as áreas de Brañas do Sar e os novos desenvolvimentos ó sur da cidade. Para isto deberá permitir ós peóns salvar a diferenza de cota existente así como a presenza das vías férreas. Por outra banda a estación non deberá interferir nas vistas dende a Rúa do Hórreo cara a Brañas do Sar.

Proposta

Desenrólase para este concurso, e baixo o lema “encrucillada”, o segundo obxectivo enunciado, referente á estación intermodal para o cal se presentan dúas seccións que explican a idea que se presenta e que propón:

- **A rehabilitación da marquesíña:** se pretende rehabilita-la marquesíña de aceiro robionado que na actualidade cubre os andenes de viaxeiros, sustituindo a súa cubrición actual de uralita por vidro, de xeito que se permite a visión ó seu través cara a Brañas do Sar e se consiga encher de luz natural o espazo cuberto pola marquesíña que será o gran espacio central da estación. Este espazo central será o espazo de acceso á estación, destacando a súa presenza do resto da cuberta da estación.

- **Cubierta da estación intermodal como espazo público de estar e de comunicación:** coa excepción da antedita marquesíña o resto da cuberta da estación será un espazo público de “estar-mirador” que á súa vez resolverá a comunicación entre a rúa do hórreo, e por extensión o ensanche e a cidade histórica, con Brañas do Sar e cos novos desenvolvimentos ó sur. Para isto o edificio da estación aproveita o desnivel existente entre as vías férreas (cota +220 m) e a rúa do hórreo á altura do actual descenso á estación polas escadarias existentes no presente (cota +230 m).

- **Edificio da estación intermodal:** o espacio interior da estación organízase en tres niveis: 1. Nivel superior de acceso á estación dende a rúa do hórreo que é coincidente co nivel das pasarelas de acceso ós diferentes andenes de tren.

2. Nivel das vías do tren e dos andenes que os sirven.

3. Nivel inferior para a estación de buses situado á mesma cota que a vía de servizo lindante con Brañas do Sar e que une Pontepedriña coa Av de Lugo, na que se sitúa o acceso e saída dos buses.

- **A intermodalidade:** ademais dos modos de transporte de tren, e buses, a estación deberá ter:

- un gran aparcamiento soterrado con acceso directo á estación,
- paradas de taxis, servizos de aluguer de bicicletas e de aparcamento seguro destas nas inmediacións da entrada á estación.

